

Facultade de Química. Outubro 2020

Solicitud de participación na convocatoria de recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros da USC 2019

Centro proponente: Facultade de Química, Santiago de Compostela

Denominación da práctica: Por que estudar o Grao en Química na USC?

Datas de desenvolvemento da práctica: As datas correspóndense co período no que as accións de mellora están propostas na Axenda 2019-20 do Autoinforme de Seguimento do Grao en Química (26 xuño - 18 decembro de 2020).

Breve descrición da práctica:

A Química, como ciencia básica, proporciona unha formación polivalente que prepara ao graduado para poder desenvolver o seu labor en ámbitos moi diferentes.

A Facultade de Química da USC ten, entre os seus obxectivos estratéxicos, (1) visualizar o centro cara a sociedade galega e achegalo aos alumnos de Ensino Secundario e (2) proporcionar orientación profesional aos seus futuros titulados.

A situación que estamos a vivir, debida á pandemia da COVID-19, obrigounos a reformular o xeito de abordar estes obxectivos.

No [Informe de Seguimento do Grao en Química](#) do curso 2018-19, propuxéronse dúas accións de mellora relacionadas coa boa práctica que se presenta, que se enmarcan nos procesos estratéxicos PC-01 e PC-05.

A acción AM-1 da axenda 2019-20 establece como unha das tarefas (AM-1.2) a realización de vídeos curtos nos que alumnos de distintos cursos do Grao en Química e dos dobres graos en Química e Bioloxía e Física e Química relaten por que elixiron cursalos na USC e as súas expectativas. Esta tarefa está actualmente en proceso de execución.

A acción de mellora AM-5 (tarefa AM-5.1) consiste na realización de vídeos de orientación profesional desenvolvidos por exalumnos da Facultade. O curso pasado, debido á alerta sanitaria, non se puideron celebrar de xeito presencial as "Xornadas de saídas profesionais" dos títulos do centro. O mercado laboral está a cambiar de forma acelerada e recibir un feedback dos intereses e experiencias dos postgraduados é imprescindible para seguir actualizando o perfil do título e adaptalo ás necesidades reais do mundo laboral. Esta tarefa está xa executada con éxito.

Breve avaliación da eficacia da práctica:

A preparación dos estudantes para a súa incorporación no mercado laboral foi, desde sempre, unha materia pendente na formación universitaria. Por outra banda, os cambios profundos que sufriu o mercado laboral nos últimos anos, cunha reconversión das saídas profesionais "clásicas" e a aparición de novas oportunidades de emprego inéditas ata hai moi pouco, esixen unha reformulación de como a universidade debe preparar aos seus graduados ante esta nova realidade. A necesidade de expor un novo enfoque levou a deseñar unha actividade de formación/información de carácter "virtual": convidouse a 20 mozos graduados (todos con idades inferiores a 35 anos) a contar a súa experiencia na procura e consecución de emprego. Cada participante preparou un vídeo moi curto (3 minutos aprox.) contando a súa preparación como postgraduado e o seu itinerario no mundo laboral ata o posto que ocupa actualmente. Pódese acceder no seguinte enlace: <https://www.usc.gal/gl/centros/quimica/curso/saidas.html>.

Os vídeos incluíronse na páxina web da Facultade e convidouse a estudantes dos últimos cursos a velos e a comentar a iniciativa. O grao de acollida da experiencia foi moi satisfactorio, pois, tal e como se desprende dos seus comentarios, permitiulles coñecer de primeira man e de forma áxil e próxima un amplo abanico de saídas profesionais, algunhas inéditas para eles. Desde a Facultade se pretende continuar coa incorporación de novos vídeos deste tipo que permitan dar a coñecer novos perfís que completen a visión do mundo laboral ao que pode optar o alumnado que obteña un Grao en Química.

Con respecto aos vídeos de alumnos que cursan actualmente o Grao en Química na Facultade, contactouse xa con 16 alumnos de distintos cursos. Contamos con que os vídeos estean dispoñibles antes de finais de ano e tamén se colgarán na páxina web do Centro. Cabe destacar a boísima acollida da iniciativa, xa que a práctica totalidade dos alumnos contactados aceptaron participar.